

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA O CONTRATO ABERTO SIMPLIFICADO DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO TÉCNICO PARA A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE. PROXECTO 0447_DIGITAL_EXPO_1_E. PROGRAMA OPERATIVO FEDER INTERREG VI-A ESPAÑA- PORTUGAL (POCTEP) 2021-2027.

Reunidos na Sala de Xuntas da FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE, o día 22 de xuño de 2026 ás 11.30 horas, a Mesa de Contratación para a adxudicación do contrato de subministración equipamento técnico para o proxecto POCTEP, formada por D. Rogelio Martínez González, que actúa como presidente, D. Emilio González Pérez, D^a María José Fernández Gómez , D^a Silvia Pardo Domínguez que actuaron como vogais, e D^a. Cristina M^a Álvarez Bermejo, que actúa como secretaria da Mesa.

Comunícase que só se presentou a seguinte oferta en forma e prazo:

- Núm. de rexistro de entrada: 35/26 Empresa: **MAGISTRAL AUDIO, S.L.** inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público da Xunta de Galicia.

Procédase á apertura do único sobre que contén a documentación Administrativa, a documentación técnica e a proposta económica, e á revisión da documentación presentada por parte da empresa.

Compróbase que é correcta a presentación de documentación e polo tanto a oferta é admitida.


A oferta de **MAGISTRAL AUDIO, S.L.** ascende a 42.148 € € máis IVE (8.851,00) estando dentro do orzamento previsto na licitación obtendo a seguinte puntuación:

Oferta económica: 70 puntos
Redución do prazo de entrega: 0 puntos
Ampliación garantía: 5 puntos
Total Puntuación : 75 puntos

A Mesa solicita á secretaria que comunique a proposta de adxudicación provisional ao licitador, para que no prazo de 7 días hábiles presente a documentación requirida conforme ao artigo 140.4 da LCSP.

O Presidente da por rematada a reunión ás 12.00 horas. E para que quede constancia do tratado, eu, a secretario, redacto Acta que someto á firma do Presidente e Vogais; dou fe.

En Ourense, a 22 de xuño de 2026



Asdo: Cristina M. Alvarez Bermejo
Secretaria

A Mesa de Contratación,

O presidente:



Asdo: Rogelio Martínez González

Vogais:



Asdo: Emilio González Pérez



Asdo: Silvia Pardo Domínguez



Asdo: María José Fernández Gómez